

UN REFERENTE

DO NADAL

GALEGO

“

**Unha das
visitas
obrigadas de
todo galego
sigue sendo o
belén
electrónico de
Begonte, un
escenario que
recrea á
perfección a**

**vida dos
habitantes na
época na que
naceu Xesús, e
que serve como
punto de
encontro a
nenos, maiores
e familias ao**

**completo, que
non deixan
pasar a
oportunidade
de visitar este
famoso
nacemento
vivente.**


”

belén electrónico de Begonte

Unha das visitas obrigadas de todo galego sigue sendo o belén electrónico de Begonte, un escenario que recrea á perfección a vida dos habitantes na época na que naceu Xesús, e

que serve como punto de encontro a nenos, maiores e familias ao completo, que non deixan pasar a oportunidade de visitar este famoso nacemento vivente.

COMO CHEGAR:




✦ O Belén Electrónico de Begonte recibe 35.000 visitas cada ano

✦ Antes da chegada do Nadal a Organización inclúe novas figuras en movemento no nacemento, así como novos efectos lumínicos e sonoros

✦ A historia deste belén, enmarcado no corazón da Chaira, remóntase a 35 anos atrás

✦ O promotor e artífice da orixe do Belén de Begonte foi o seu antigo párroco, hoxe falecido, José Domínguez Guizán

✦ Hoxe o seu irmán, Jesús Domínguez, sigue coa labours de promoción iniciada anos atrás polo seu familiar



Pero a historia do Belén de Begonte remóntase a uns 35 anos atrás, cando o párroco do lugar decidiu, coa axuda dalgúns feligreses, confeccionar un nacemento con movemento que servera non só para promocionar a fe relixiosa, senón tamén para dinamizar a vida cultural e social deste pequeno municipio da Terra Chá. O prelado José Domínguez Guizán foi o protagonista absoluto da creación e renovación constante deste belén ata case a data do seu falecemento, no ano 1986. Pero foi realmente en 1972, Nadal no que se inaugurou oficialmente e por primeira vez o Belén de Begonte, cando un grupo de veciños deste concello acompañados polo seu párroco visitaron un nacemento de similares características nun centro de Formación Profesional da provincia de A Coruña. Foi a ilusión e as




gañas de agradar o que conseguiu o resto, xa que nese mesmo decembro botaba a andar o primeiro belén electrónico de Begonte, un espacio cunha superficie de 10 metros cadrados que se ornamentou con figuras con movemento confeccionadas por José Rodríguez Varela, e artelladas no seu conxunto polo carpinteiro Rafael Cereijo. Xa neste mesmo mes o novedoso belén recibiu a visita dunhas 5.000 persoas, que probablemente non deixaron de voltar ano atrás ano para contemplar por eles mesmos a beleza e a renovación deste inxenioso espacio.

Pero a desaparición de José Domínguez, o gran impulsor deste proxecto, non foi afortunadamente o declive do belén electrónico, xa que o seu irmán, Jesús Domínguez decidiu colle-lo relevo para continuar coa laboura emprendida anos


atrás polos feligreses e o seu párroco.

Hoxe, e depois de moitos avatares e milleiros de visitantes ás súas espaldas, o Belén de Begonte conta cunha superficie completamente animada de 80 metros cadrados, a maioría deles ocupados por casas rústicas, gremios de moi diferente índole como ferreiros, panadeiros, e outros artesáns; ademais dunha imponente recreación do castelo de Herodes dominando toda a paisaxe. Aínda que para os begontinos o máis fermoso segue sendo a Sagrada Familia: ca faciana maternal da súa Virxe, o San Xosé sentado á maneira de Palestina, e unha peculiar mula que está de pé, un detalle só apreciado polos máis minuciosos.



O Belén de Begonte, que cada ano recibe unha media de 35.000 visitas, é renovado en tódolas edicións na súa composición. De feito neste ano engadíronselle varias casiñas de pedra, e aumentouse ostensiblemente o circuito



realizado polas Súas Maxestades de Oriente. A promoción do Belén de Begonte sempre foi continuada, aínda que os certames de xornalismo e poesía que se artellan ao redor del déronlle máis proxección de cara ao exterior. Este ano cúmplase a trixésima edición dos concursos de xornalismo e poesía, dúas convocatorias que versan sobre o Nadal, que contan con cuantiosos premios económicos, e aos que concurren personalidades das letras de toda Galicia. A este aliciente súmase asemade o certame galego de Arte e Debuxo infantil, destinado aos máis cativos, e que recolle as obras pictóricas dos rapaces de moitos colexios. Unha oportunidade excepcional para o visitante que chega ata Begonte, que non só poderá admirar un dos beléns con máis prestixio de España, senón ademais disfrutar da verde paisaxe deste municipio da Chaira, enmarcado polos ríos Miño, Parga e Támoga.



O belén recrea á perfección o paso do día



Jesús Domínguez encárgase das visitas ao nacemento